

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Presupostos e cadros de persoal

*EXPOSICIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023*

#### EDICTO

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de outubro de 2022, acordou a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023, que comprende:

- O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 181.633.895,00 euros.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 603.575,00 euros.
- O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento, por importe de 3.913.300,00 euros.
- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabairós-Terra de Montes, por importe de 1.147.614,00 euros
- -O orzamento xeral consolidado, tanto en ingresos como en gastos por importe de 185.387.403,00 euros.
- As bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabairós-Terra de Montes.
- O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabairós-Terra de Montes.
- Os cadros do persoal e as relacións de postos de traballo do persoal funcionario, laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabairós-Terra de Montes
- O Anexo de investimentos para o exercicio 2023.
- O plan (marco) orzamentario a medio prazo 2022-2024.



Martes, 25 de outubro de 2022

Núm. 204

Ditos orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedan expostos ó público por un período de quince días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados lexitimados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas polos motivos enumerados no artigo 170.2 do citado TRLHL.

De conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, sométese a información pública por un prazo de vinte días hábiles a relación de postos de traballo da Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contraincendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

Así mesmo, durante o prazo de exposición pública, e de acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O deputado delegado área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral (Delegación efectuada por R.P. nº 2019012988 de data 15-07-2019), Carlos López Font.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

Asinado dixitalmente á marxe.

